

Venres, 2 de decembro de 2022

Núm. 231

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****NIGRÁN****Recadación***CALENDARIO FISCAL 2023***Servizo:** Tesourería/Recadación**Expte:** Calendario Fiscal 2023

Vistos os artigos 34 e 62.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e artigo 24 do RD 939/2005 de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e co fin de poñer a disposición dos contribuíntes coa antelación suficiente, a información necesaria para cumprir coas súas obrigas tributarias e fiscais, procede fixar os prazos de pagamento do periodo voluntario de cobranza para os tributos de cobro periódico e de notificación colectiva sobre os que o Concello de Nigrán exerce as competencias de xestión e recadación.

A tal efecto,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o Calendario fiscal do contribuínte para o exercicio 2023, consonte ós prazos sinalados no seguinte cadro:

TRIBUTO	PERIODO VOLUNTARIO DE COBRANZA		DATA DE CARGO DOMICILIADOS (1)
	Data inicio	Data fin	
Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica	03/04/2023	05/06/2023	08/05/2023
Taxa pola Recolleita do Lixo	01/09/2023	03/11/2023	06/10/2023
Taxa polos servizos de subministración de auga, saneamento e depuración:			
1º trimestre	03/04/2023	05/06/2023	08/05/2023
2º trimestre	03/07/2023	04/09/2023	07/08/2023
3º trimestre	02/10/2023	04/12/2023	06/11/2023
4º trimestre	02/01/2024	04/03/2024	09/02/2024

(1) Data de cargo en conta para os recibos con orde de domiciliación bancaria

Segundo.- Proceder á súa difusión mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na Sede Electrónica do Concello, para xeral coñecemento.

